

A PRADEIRA DO SANTO EN QUINTELA DO PANDO (VIANA DO BOLO) OURENSE



NIEVES FERNÁNDEZ VIDUEIRA



ASÍ ESTABA A LEIRA DESPOIS DE SEGARLLE O TRIGO E PASTAR A
RESTROLLA COAS OVELLAS. COMO ESTABAN CERRADAS,
SACÁRONLLE BRILLO.

Pastos, gandeirias e território nas áreas de montanha



A lista de recomendações e pendências do plano, incluindo o cronograma, deve ser encaminhada para o Conselho de Administração. A seguir, o Conselho de Administração deve aprovar o plano e encaminhá-lo para o Conselho de Administração para aprovação final e implementação.



O DÍA 19 -10-2015 METÉMOSLLE AS OVELLAS E, DETRÁS, FOI QUICO ESPAREXENDO O ESTERCO: OITO REMOLQUES DE ESTERCO DAS OVELLAS, PREVIAMENTE COCIDO NA ESTERQUEIRA, POLO QUE SEMELLABA TURBA.

O DÍA SEGUINTE VEU O CAMIÓN DE CAL, TAMÉN CORTESÍA DO CIAM.





BOTÓUSELLE CAL ÁS TRES PARTES DE CATRO, E DEIXOUSE UNHA SEN CAL PARA COMPROBAR A DIFERENZA



ACUBILLOUSE O ESTERCO E O CAL COAS PALAS O 22-10-2015,
SEN FACELO DEMASIADO PROFUNDO






O DÍA 23 E 24 SÁCARONSE TODAS AS PEDRAS: ALGO GRANDES, GRANDES E MOI GRANDES

A man in a plaid shirt and khaki pants is standing in a large, tilled field, spreading a large bundle of straw. A long, straight line of straw has been laid out across the field. In the background, there is a line of trees. In the bottom right corner, the back of a black and white dog is visible.

O 25 PÁSALLE O RULO COS CULTIVADORES E, ACTO SEGUIDO, FAI AS EMBELGAS CON PALLA

O 25 MESTURÁRONSE AS SEMENTES CON AREA FINA: FÍXOSE UN MONTÓN NO CHAN E PASOUSE VARIAS VECES, COMO SE FOSE A FACER UNHA AMASADA DE CEMENTO. DEIXOUSE NUN RECIPIENTE ATA O DÍA 27, CANDO SE FOI SEMENTAR





O 27-10 -2015, QUICO SEMENTA A VOLEO OU A MANTA. SEMENTOU RARO E SOBROULLE BASTANTE; TIVO QUE VOLVER A COMEZAR E, ENTÓN, FOILLE XUSTO. EU NON CRETO: SE FOSE EU, NON ME CHEGABA NIN PARA UNHA EMBELGA



A MESMA TARDE, JORGE PÁSALLE O RULO (EU DIRÍA “RULÓN”). QUEDOU TAN CALCADA A TERRA QUE, CANDO ACABOU, NON SE MARCABAN NIN AS RODEIRAS DO PATROL. (Eu pensaba que non ía nacer nada)



Se se perde unha agulla atópase



O DÍA 3 DE NOVEMBRO COMEZAN A ASOMAR OS PRIMEIROS TREVOS, UN AQUÍ E OUTRO ACOLÁ



E O DÍA 7 XA COMEZOU A ASOMAR O RAIGRÁS. AQUÍLO A MIN DEUME MOITA LEDICIA, POIS DE VERDADE PENSEI QUE NON ÍA NACER





O 8 de novembro xa comeza a verdegar un chisquiño



O 16-11-15 SI COMEZA A VERDEGAR , E CANTO MÁIS AO NORTE, MELLOR NACE



O 22-11 CHOVEU BASTANTE. ESTABA TAN PISADO QUE A AUGA ESTABA COMO EN CEMENTO. AQUILO METÍA MEDO, ERA COMO BOTAR AUGA SOBRE UN PLÁSTICO



O DÍA 20 DE DECEMBRO APARECÍA UN POUCO MÁIS VERDEGADA , POUCO A POUCO
AQUILO GLORIA MIRALO




**AS XEADAS FORON BASTANTES SUAVES; A DO 8 DE XANEIRO DE 2016 FOI
SUPERADA BEN**



**O 31-3 16 SUPEROU UNHA NEVADA BEN XEITOSA.
NÓS PENSAMOS: “adeus pradeira”**

O 7 DE ABRIL LUCÍA ASÍ DE FERMOSA. O
resultado é o mesmo con cal que sen cal





A pesar de dicirnos que era pradeira para secaño, fixádevos que onde hai humidade se nota a diferenza, tanto no sitio onde hai cal como no que non hai

20 DE ABRIL DE 16



O 11 DE ABRIL SUPEROU OUTRA BORRASCA

5 DE MAIO DE 2016



O 22- 5- 16





FOI TODO UN ESPECTÁCULO PARA A VISTA. EN ABRIL
PUXOSE AMARELA, A PRIMEIROS DE MAIO BRANCA E,
CARA A MEDIADOS, VERMELLA. EU NUNCA VIRA ALGO
ASÍ.

OS TÉCNICOS DO CIAN EXPLICÁRONNOS MOI BEN AS COUSAS: NON HABÍA QUE PASTALA NIN SEGALA ATA QUE ESTIVESE TOTALMENTE SECA. DESPOIS, HABÍA QUE METERLLE O RABAÑO Á PARCELA, FACENDO ASÍ UN BANCO DE SEMENTES

ASÍ O FIXEMOS (case). PROMETO QUE SUFRÍN MOITO VENDO COMO AQUELA HERBA TAN PRECIOSA E GRANDE ÍA MINGUANDO E SECANDO DAQUELA MANEIRA. O CASO É QUE ME DABA TANTA PENA QUE CONVENCÍN A QUICO PARA SEGALA COA COLLEITADORA; ASÍ FACÍANSE DOUS TRABALLOS A UN TEMPO: SEGAR E ACORDOAR, E SE SAÍA ALGUNHA SEMENTE, POIS MELLOR

DEU UN MONTÓN DE ROLOS DE HERBA QUE PARECÍA PALLA COR ROSADA, E TAMÉN SEMENTE. PARTE DELA CISCOUSE OUTRA VEZ NA LEIRA E METÉRONSELLE AS OVELLAS PARA QUE MOVESEN ALGO COAS PATAS. DESPOIS PASÓUSELLE OUTRO ROLO





O 13 DE OUTUBRO DE 16



**O 13-11-2016 VOLVE NACER PERFECTAMENTE,
E COA SEMENTE SOBRANTE SEMENTOUSE
OUTRA NOVA NO PICO DAS BOUZAS (esta
onde estamos)**



O 29-11-16

O 18-4-17 A NOVA
PRADEIRA XA VAI
BEN BONITA

É ESTA



O 24-4-17 PÓDESE
VER COMO VAI A
PRADEIRA DO
SANTO, E NA
QUE ESTOU, NO
PICO DAS BOUZAS,
AÍNDA LLE FALTA
BASTANTE



O 24 -5 17 SEN HERBA EN NINGURES, AGÁS NA PRADEIRA DO SANTO. ERA PRIMAVERA, PERO SÓ FLORECÍAN XESTAS





AQUÍ, O 25-5 -17,
PÓDESE
COMPROBAR QUE
O TREVO VERMELLO
XA ESTÁ FLORIDO,
MENTRES NO DO
PICO DAS BOUZAS
AÍNDA NON



O 17-4-17

A DO PICO DAS BOUZAS
FUNCIONOU
EXACTAMENTE IGUAL QUE
A DO SANTO, PERO
COMEZÁRONNOS A PARIR
AS OVELLAS NO MES DE
ABRIL E NON TIÑAMOS
NINGÚN PASTO PARA
ONDE LEVALAS POLA
EXTREMA SECA QUE
HABÍA, ASÍ QUE NON NOS
QUEDOU OUTRA QUE
CEIBAR A PRADEIRA NOVA.
PARA AS RECENTEMENTE
PARIDAS, FOI A NOSA
SALVACIÓN, PERO A
PRADEIRA QUEDOU TAN
RILLADA QUE NON
FLORECEU NO SEU
TEMPO; E CANDO POR FIN
FLORECEU, AS FLORES
ERAN TAN FEBLES E NON
DERON SEMENTE



O 31-5-17, EN
PERFECTA
FLORACIÓN, A
DO SANTO
FUNCIONOU
IGUAL QUE O
PRIMEIRO ANO





O 4 -7 -17





O 4 -7 -17,
ACORDOANDO
PARA ENROLAR.
CÓMPRE SALIENTAR
QUE DEU MÁIS
HERBA QUE TODOS
OS PRADOS QUE
TIÑAMOS DE SEGA

É DICIR:
FOI A NOSA
SALVACIÓN

GRAZAS CIAM!!!!!!!





O 28-9-17

O 24 -6-18 FUNCIONA BEN, PERO COA
ÚLTIMA FLORACIÓN FLORECE MOITA
MAGARZA. É UNHA PLANTA MOI BOA,
ADEMAIS DE MEDICINAL, E DÁLLE UN OLOR
MOI AGRADABLE Á HERBA



E CON ESTA IMAXE DA EXTREMA SECA DE 2017 DESPÍDOME, AGRADECIDA A GONZALO FLORES, ELOI VILLADA E JUAN CASTRO. FOI GRAZAS A ELES QUE PUIDEN VIVIR ESTA FERMOSEA EXPERIENCIA. QUERO PEDIR DESCULPAS SE VAI ALGÚN ERRO. **GRAZAS**

